PROGRAMA PARTICIPA!

Acollida, acompañamento e profesionalización de proxectos de creación cultural

IDEA

PROTOTIPO

PROGRAMACIÓN

AVALIACIÓN

TRANSFERENCIA

CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

CONCELLO DE SANTIAGO


Proceso Participa!
Fase 0-Preinscrición e idea
Envío de proposta (formulario)+dossier breve
Fase 1-Entrevista inicial (Acollida)
Xuntanza coa Animadora Sociocultural
Fase 2 -Módulo Xestión Cultural
Formación en proxectos culturais (4-8h)
Fase 3 -Mentorías e prototipados
Tutorías individualizadas semanais
Fase 4 -Módulo 2 Emprende
Formación en emprendemento cultural
Fase 5 -Aprobación
Revisión e aprobación do proxecto
Fase 6 -Piloto en programación
Accións e seguimento mensual
Fase 7 -Avaliación e peche
Informe final
Fase 8 -Difusión e transferencia
Dossier de resultados e asesoramento para futuros itinerarios

A continuación presentamos o documento operativo para acollida, acompañamento e profesionalización de proxectos de creación cultural.

Este programa nace coa idea de establecer un proceso de creación cultural, onde a Mocidade de Compostela, teña un espazo onde poder crear e levar a cabo as súas creacións culturais. Este porceso esta dividido en un itinerario dividido en 8 fases (ver gráficas). Ofertamos dous módulos formativos troncais, en xestión e emprendemento cultual, que serán de obrigatoria participación para poder levar a cabo a iniciativa.

Participa! adaptase como programa troncal para acoller proxectos, ofrecelos á comunidade e acompañar o seu crecemento con metodoloxía, mentorización e ferramentas de xestión cultural e emprendemento creativo.

Mediante mentorías individualizadas e seguimiento continuado.

1) Xustificación

O Centro Xove de Creación Cultural é un espazo público orientado a impulsar a participación, a creatividade e o acceso da mocidade á cultura. O programa Participa! cumpre catro eixos clave:

1. Acompañamento profesional a persoas creadoras e proxectos emerxentes para pasar da idea ao prototipo e á programación estable.
2. Promover itinerarios formativos, asesoramento e avaliación continuada, para unha mellora no sector cultural emerxente.
3. Artellamento con públicos e territorio, xerando redes locais, inclusión, perspectiva de xénero, accesibilidade e sustentabilidade.
4. Fomentar a creación cultural.

2) Persoas destinatarias e requisitos de participación

- Persoas de 16 a 35 anos
- Preferencia por proxectos que:
    - Se dirixan á mocidade usuaria do Centro Xove e da comunidade.
    - Integren igualdade, diversidade, inclusión e benestar social.
    - Aporten innovación (contidos, formatos, tecnoloxía...) ou cubran necesidades detectadas.
    - Presenten viabilidade técnica e orzamentaria.
- Compromisos mínimos: asistencia ás formacións, entrega de documentación e normativa do centro.

3) Obxectivos

3.1. Xerais

- Promover a creación cultural moza en formatos diversos (música, artes visuais, escénicas, literarias, audiovisual, deseño, tecnocultura...).
- Profesionalizar procesos creativos: planificación, orzamentos, comunicación, relación con públicos, avaliación de impacto e retorno social.
- Favorecer condicións dignas de desenvolvemento (tempos reais, recursos axeitados, itinerarios formativos, acompañamento e avaliación).
- Conectar proxectos co eido cultural (centros, festivais, asociacións, ensino, administracións e tecido comunitario).

3.2. Específicos

- Establecer un itinerario en 8 fases
- Ofrecer 2 módulos formativos troncais: Xestión e emprendemento cultural.
- Activar mentorías individualizadas e seguimento mensual durante a fase piloto (3 meses).
- Implementar un marco de avaliación con indicadores de calidade e participación
- Deseñar un plan de difusión (marca, comunicación e accesibilidade da información) antes de iniciar a actividade aberta ao público.

4) Liñas de participación (tipoloxía de proxectos)

1. Delegación de proxectos
   A idea é presentada polas persoas proponentes e xestionada íntegramente polo equipo do Centro Xove (produción, comunicación, execución).
2. Proxectos mediados
   A idea execútase co-mediada polo equipo do Centro Xove (co-deseño e co-produción).
3. Proxectos pechados
   A idea é deseñada e xestionada polas persoas promotoras. O Centro Xove facilita espazo e/ou recursos (espazos, loxística, difusión e asesoramento puntual).

A liña asignada defínese na entrevista inicial segundo grao de madurez, recursos dispoñibles e obxectivos.

5) Itinerario e fases do programa

Fase 0. Preinscrición e idea

- Envío de proposta (formulario) + dossier breve (obxectivos, actividade, público, recursos, calendario e orzamento estimado).

Fase 1. Entrevista inicial (Acollida)

- Xuntanza coa Animadora Sociocultural.
- Expectativas, revisión de requisitos, definición de liña (delegado/mediado/pechado) e metas do proxecto.
- Acordo de Plan de Traballo (cronograma, recursos e compromisos).

Fase 2. Módulo 1 – Xestión Cultural (4–8 h)

- Deseño de proxecto (marco lóxico, obxectivos, actividades).
- Orzamentación básica.
- Comunicación e públicos (linguaxe inclusiva, accesibilidade, plans de difusión).
- Avaliación e indicadores.

Fase 3. Mentorías e prototipado

- Tutorías individualizadas, según necesidades do proxecto.
- Prototipo/ensaio técnico ou creativo.

Fase 4. Módulo 2 – Emprende (4–8 h)

- Xuntanza inicial. Entrevista previa
- Analise de viabilidade do modelo de negocio.
- Simulación das obligaciones fiscais.
- Proposta de modelo de proposta.
- Elaboración de proposta de orzamento a negociar.

Fase 5. Aprobación para programación

- Revisión do cumprimento das fases 2–4 e viabilidade.
- Se é favorable, incorporación á programación do Centro Xove (data suxeita a dispoñibilidade de espazos e calendario xeral).
- Se non é favorable, reformulación da proposta.

Fase 6. Piloto en programación (3 meses)

- Execución da proposta

- 1–2 accións/mes segundo modalidade (obradoiro, monográfico, concerto, laboratorio...).
- Seguimento mensual.

Fase 7. Avaliación e peche

- Informe final (resultados, aprendizaxes, melloras).
- Xuntanza co equipo técnico do centro e devolución.

Fase 8. Difusión e transferencia

- Dossier de resultados para presentar a outras institucións.
- Proposta de consolidación da actividade.
- Asesoramento para itinerarios de continuidade (residencias, bolsas, programación doutras entidades, etc.).

6) Recursos e apoios do Centro Xove

- Espazos: sala de formación, ensaio, estudo/edición, exposición/escena (segundo dispoñibilidade).
- Equipamentos: son, iluminación, proxección, informática.
- Acompañamento: Animación Sociocultural (tutorías), apoio técnico de produción e comunicación.
- Comunicación: deseño de cartaces, canles do centro (web, RRSS, mailing) e relación con medios locais.
- Rede: conexión con axentes culturais e entidades colaboradoras.

7) Compromisos das persoas participantes

- Obligación de asistir ás formacións troncais e sesións de mentoría pactadas.
- Entregar documentación nos prazos (plan de traballo, materiais de comunicación, informe final).
- Cumprir as normas do centro.
- Obligación de cumprimento de convenio.
- Respectar espazos, recursos e normas de convivencia do Centro Xove.
- Cumprir as normas do Centro Xove de Creación Cultural e o convenio correspondente, como pode ser: axudar a montar e desmontar a sala para as actividades que se leven a cabo dentro da acción programada, cumprir políticas de igualdade, diversidade, accesibilidade, protección de datos e prevención de riscos. Empregar linguaxe inclusiva e garantir a accesibilidade das accións (lectura fácil, subtítulos, etc., cando proceda).

- Serán obligatorio para levar a cabo as actividades propostas, dentro da programación do Centro Xove de Creación Cultural, superar as 5 primeiras fases do programa.

8) Criterios de priorización

- Adecuación a obxectivos do programa e á poboación moza destinataria.
- Calidade, viabilidade e coherencia técnica e orzamentaria.
- Impacto social e territorial: creación de redes, participación activa, inclusión e igualdade.
- Sustentabilidade e potencial de continuidade/proxección fóra do Centro Xove.
- Consistencia e variedade no conxunto de propostas programadas.

9) Difusión previa a actividade

- Plan de comunicación por proxecto: mensaxe, públicos, canles, calendario e materiais.
- Cartaz (formato dixital e impresión), imaxes adaptadas a RRSS, texto de evento/web, fotografía/vídeo básico.
- Checklist de accesibilidade (contraste, tipografía, lectura fácil) e uso de lingua galega.

10) Marco legal

- Protección de datos (RGPD) e dereitos de imaxe.
- Perspectiva de xénero, diversidade e prevención de violencias.
- Propiedade intelectual e licenzas.
- Capacitación mínima para realizar as actividades propostas.

11) Orzamento e compensación (principios)

- Transparencia e trazabilidade de gastos.
- Compensación/bolsas segundo modalidade, dispoñibilidade e normativa vixente.
- Posibilidade de cofinanciación (convocatorias públicas, entidades colaboradoras).
- Apoio en especie: espazos, equipamentos, difusión, mentoría e produción básica.

12) Calendario tipo

- Convocatoria aberta todo o ano con revisións mensuais.
- Prazo estándar do itinerario: 6–12 semanas ata aprobación + 3 meses de piloto en programación.
- Incorporación a axenda suxeita a dispoñibilidade de espazos e liñas do centro.

14) Anexos operativos

Anexo A. Modelo de proposta (índice mínimo)

- Titular do proxecto e contacto.
- Descrición (100–200 palabras).
- Xustificación (necesidade/encaixe).
- Obxectivos (xeral e 3–5 específicos).
- Actividades principais e cronograma.
- Público destinatario e accesibilidade.
- Recursos requeridos do Centro Xove.
- Orzamento estimado e fontes de financiamento.
- Plan de comunicación.
- Equipo e currículos abreviados (máx. 1 páx.).

Anexo B. Checklist de difusión

- Texto, logotipos, dereitos de imaxe, formatos e accesibilidade.

Anexo C. Plantillas

- Acta de seguimento mensual.
- Enquisa de público.
- Informe final do proxecto.

Contacto do programa

- Correo de referencia: info@centroxove.com
- Tel.: 666 99 38 60
- Animación Sociocultural: titorías con cita previa.

Coordinación do programa
Centro Xove de Creación Cultural
Departamento de Animación Sociocultural